



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP A Ponte - Ourense



Rúa Xesús Pousa Nº 14
32001 Ourense
Tfno: 988 21 58 33-Fax: 988 51 01 37
ceip.aponte.ourense@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceipaponteourense/

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP A PONTE



ÍNDICE

1. Introducción	4
2. Marco legal	5
3. Análise da situación do centro.	6
4. Obxectivos xerais e específicos do plan de convivencia	10
5. Actuacións, medidas e programas para favorecer a convivencia.	13
5.1. Actuacións para previr o conflito.....	13
• Actuacións de coordinación	
• Actividades de acollida	
• Actuacións organizativas	
• Actuacións para previr a violencia de xénero	
• Actuacións para previr a discriminacións	
• Actuacións curriculares	
5.2. Actuacións formativas en materia de convivencia escolar.....	30
5.3. Programas relacionados coa mellora da convivencia e recursos educativos	31
5.4. Medidas complementarias para a mellora da convivencia	31
6. Actuacións para previr o acoso escolar	38
6.1. Estratexias preventivas de organización do centro.....	38

6.2.Estratexias de intervención na aula.....	40
6.3.Protocolo de acoso e ciberacoso escolar.....	41
7. Resolución do conflito	41
8. Normas de convivencia do centro	45
8.1. Fins das normas de convivencia.....	45
8.2. As nosas normas de convivencia.....	46
8.3. Corrección de condutas.....	48
8.4. Estratexias de intervención nos conflitos.Vía de resolución pacífica.....	48
8.5. Vía punitiva.....	49
8.5.1. Graduación das medidas correctoras.	
8.5.2. Condutas graves contrarias á convivencia.	
8.5.3. Condutas leves contrarias á convivencia	
9. A comisión de convivencia	55
9.1. Composición.....	56
9.2. Periodicidade das reunións.....	56
9.3. Funcións.....	56
10. Aula de convivencia inclusiva	57
10.1. Introducción.....	57
10.2. Finalidade da aula de convivencia.....	58
10.3. Criterios e condicións para que un alumno acuda á aula de convivencia.....	61
10.4. Protocolo de actuación.....	62
10.4.1. Acceso a esta aula.	
10.4.2.Atención da aula de convivencia.	

10.4.3. Seguimento do alumno.	
10.4.4. Seguimento da aula de convivencia.	
10.5. Programación das actuacións da aula de convivencia.....	64
11. Mecanismos de coordinación e colaboración.	65
11.1. Coordinación interna do centro.	
11.2. Coordinación coas familias.	
11.3. Coordinación coa ANPA.	
11.4. Coordinación con outros centros educativos.	
11.5. Coordinación coa Consellería de Educación.	
11.6. Coordinación con outros organismos.	
12. Seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.	68
13. Aprobación e difusión do plan de convivencia.	68
14. ANEXOS	69

1. INTRODUCCIÓN

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. Este plan de convivencia forma parte do Proxecto Educativo do centro.

O plan de convivencia integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establece, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e contendo actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A elaboración deste plan de convivencia supuxo a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro:

- a) O proxecto educativo do centro
 - b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.
 - c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial.
 - d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garanten o cumprimento do plan de convivencia e as que recollen respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.
 - e) A programación xeral anual.

Traballar a convivencia é visto pola comunidade educativa como unha necesidade, e o noso plan de convivencia establece as liñas de actuación a seguir no noso centro en canto a convivencia se refire.

O noso plan entende os conflitos dende un punto de vista dinámico e pacífico, e desexamos que sexa un instrumento útil no seu afrontamento por parte dos docentes e do alumnado e poder transmitir ás familias a conveniencia dunha educación para a paz.

Partimos para a súa elaboración das reflexións de toda a comunidade educativa sobre o modelo de convivencia. Para que sexa efectivo debe ser coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, traballadores do centro...

Queremos que este plan regule as relacións que se establecen dentro do centro e que armonice as relacións do centro co entorno.

Traballamos na procura dun clima nas aulas relaxado e cordial que faga que as aprendizaxes sexan mais significativas, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo, a tolerancia e atención á diversidade.

Os diferentes plans do centro están actualizados e revisados anualmente o que facilitou a elaboración do plan de convivencia . O contexto que establece a comunidade educativa cando é consultada permite pensar que o clima de convivencia do centro é o axeitado, e os conflitos non revisten especial gravidade e que son perfectamente asumibles e normalizados como consubstanciais á convivencia, entendendo tamén que toda esta realidade pode ser mellorada.

2.MARCO LEGAL

A normativa que sustenta o plan queda especificada a continuación:

- *Constitución Española .*
- *Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (LOMCE) (BOE 10/12/2013) .*
- *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG 15/07/2011) .*
- *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27/01/15) .*
- *PROTOCOLO DE ACOSO E CIBERACOSO ESCOLAR, publicado pola Xunta de Galicia, 10 de novembro de 2015.*

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN INICIAL DO CENTRO

Descríbimos o estado da convivencia do centro neste apartado, sendo o punto de partida desta a enquisa de convivencia realizada pola comunidade educativa.

3.1. ASPECTOS POSITIVOS

Do centro e a súa organización	<ul style="list-style-type: none">- Ten un equipo de profesorado consolidado: gran parte do profesorado é definitivo.- O profesorado en xeral manifesta estar contento no centro.- Contase no centro cun grupo de dinamización que planea e promove actividades que fomentan a convivencia- O centro traballa na liña de respecto as diferencias: PAD- Existe un plan de habilidades sociais que se traballa dende as titorías (PAT)
O profesorado	<ul style="list-style-type: none">- Formado en temas de convivencia- Traballa dende as titorías ensinándolle ao alumnado a resolución pacífica dos conflitos.- Boa relación entre o profesorado , alumnado e familias.
As familias	<ul style="list-style-type: none">- Acoden ao centro sempre que son convocadas- Manteñen unha comunicación constante co profesorado

	<ul style="list-style-type: none"> - Gran maioría de familias con recursos económicos - As familias participan no centro e na educación dos seus fillos/fillas - Amosan interese polos estudos dos seus fillos/as e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar - Amosan interese polas condutas dos seus fillos/as - Cando teñen un conflito acoden ao titor/a - Falan cos fillos/as a diario - escoitan ao profesor e chégase a acordos de actuación - Altas expectativas das familias con respecto aos estudos que cursarán os seus fillos e fillas - Axudan ao profesorado nas súas tarefas
O alumnado	<ul style="list-style-type: none"> - Manifesta estar seguro no centro - Percibe que os conflitos son escasos - Acoden ao profesorado cando non poden resolver sos os conflitos. - Confían no profesorado - Non hai absentismo escolar

.2.ASPECTOS NEGATIVOS

- O elevado número da ratio nas aulas.
- Elevada ratio para compartir espazos comúns.
- Perfil do alumnado con problemas de conduta.
- Formación das familias para definir normas de comportamento na casa: percíbese certa permisividade no establecemento de normas.

3.3.CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO

PERIORIZIDADE	SITUACIÓNS CONFLICTIVAS	SECTORES IMPLICADOS
NUNCA OU CASE NUNCA	- Malas contestacións na clase	Alumno/profesor
	- Falta de integración dalgúns alumnos/as	Profesorado alumnado
	- Desobedecer e non respectar ao profesorado	Alumnado/profesorado
CON POUCA FRECUENCIA	- Pelexas - Insultos - Poñer alcumes e rirse da outra persoa	Alumnado
MOITO	- Interromper e non respectar a quenda de palabra na clase	Alumnado

3.4.LOCALIZACIÓN DOS CONFLITOS

Os conflitos acontecen en maior medida no recreo e nos tempo de lecer como no comedor ou cambios de clase.

3.5.ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA

a. Traballo da convivencia dende a prevención:

- Plans de acollida de familias, alumnado novo, profesorado novo
- Plans de saída do centro
- Programa de HHSS
- PAT: Trabállanse as normas do centro da aula e dos diferentes espazos como comedor, biblioteca..
- Plan de atención a diversidade.

b. Traballo a nivel tutorial especialmente e de todo o profesorado:

- Normas de aula.
- Dereitos e deberes do alumnado.
- Normas de diferentes espazos do centro.

c. Información e colaboración das familias:

- Divulgación de todos os plans do centro e en especial das normas de convivencia.
- Información e colaboración ante un determinado conflito

d. Resolución do conflito mediante a mediación.

- Falando co profesor en privado .
- Profesorado da consellos con pautas a seguir.
- Intervención do Departamento de Orientación.
- Implicación das familias na resolución de conflitos .
- Acódesse á vía punitiva cando afectan a danos do material, faltas de respecto ou agresións físicas ou verbais ao profesorado ou ao alumnado.

Efectividade destas medidas:

Percíbese que o clima de convivencia mellorou no derradeiro ano.

- O número de PARTES DE INCIDENCIA oscila entre 4 ou 5 ao ano, observándose un descenso no último curso.
- O número de protocolos de acoso aberto foi nulo no anterior curso.
- Son nulas as situacións conflitivas entre o profesorado ou entre o persoal de administración e servizos.

4. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Este Plan de Convivencia ten como referentes a educación para a paz, los dereitos humanos,o aprendizaxe para constituirmos nunha cidadanía democrática, a tolerancia, a prevención da violencia e a mellora da convivencia escolar, para así favorecela escoita activa e a toma de decisións por consenso.

Estableceremos cauces e procedimentos que faciliten a expresión pacífica das tensións e as discrepancias, así como a aprendizaxe de técnicas e estratexias na resolución de conflitos de xeito no violento a través da mediación, entre outras estratexias.

Entre todos trataremos de mellorar o clima de convivencia no centro en beneficio dunha educación de calidade e promover a participación e difusión das estratexias e dispositivos de axuda existentes, tanto no centro coma no entorno.

Implicando a comunidade educativa en procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no centro, consideramos importante sensibilizar a comunidade educativa sobre o seu papel activo e implicación para recoñecer, evitar e controlar os conflitos.

É fundamental establecer, incrementar e consolidar as relacións do centro con outros axentes externos que poidan colaborar para acadar estes obxectivos.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<p>1.- Acadala integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo ou idade.</p>	<p>1.1- Potenciar un uso correcto da linguaxe, dando as grazas, pedindo por favor, saudando o entrar, despedindose o salir.....</p> <p>1.2- Respetar e valorar as produccions e traballos realizados polos alumnos (acnee, inmigrantes,...)</p> <p>1.3- Fomentar a participación de todos os alumnos e alumnas nas actividades extraescolares e complementarias.</p>
<p>2.- Fomentala implicación das familias</p>	<p>2.1- Implicar os pais na tarefa respecto as actividades de apoio e reforzo no aprendizaxe dos seus fillos.</p> <p>2.2- Informar do progreso e das dificultades do proceso educativo dos alumnos.</p> <p>2.3- Informar os pais sobre a necesidade de crear nos seus fillos hábitos saudables para o desenvolvemento dunha convivencia sana dentro das aulas</p> <p>2.4.- Realizar actividades en colaboración con outras institucións para axudar os pais a resolver</p>

	<p>problemas educativos dos seus fillos.</p> <p>2.5.- Pensar no centro como algo propio asumindo responsabilidades para o coidado e mantemento dos espazos comúns</p>
<p>3.- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.</p>	<p>3.1- Mellorar e ampliar os canles de comunicación entre todos os membros da Comunidade Educativa de modo que sexa máis activa a colaboración e a participación de todos.</p> <p>3.2- Organizar de forma conxunta toda a Comunidade Educativa actividades culturais ou lúdicas que fomenten o coñecemento, respecto e a tolerancia cara a nosa Comunidade Educativa.</p> <p>3.3 – Comprometerse e implicarse no emprego de materiais reciclados e bo uso da auga.</p>
<p>4. Facilitar a prevención, detección, tratamento e resolución dos conflitos.</p>	<p>4.1- Valorar e fomentar o diálogo como vía de resolución de conflitos.</p> <p>4.2- Fomentar as relacións interpersonais entre nenos e nenas dende a Educación Infantil.</p> <p>4.3- Fomentar os valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas e o respecto e convivencia do centro.</p> <p>4.4- Coñecer aos demais para porse no seu lugar e así crear cauces de comunicación e colaboración.</p> <p>4.5- Levar a cabo estratexias comúns do profesorado de cara a xestionar os conflitos entre os alumnos, establecer cauces axeitados para resolver os conflitos e pautas de coordinación entre os distintos estamentos (pais, profesores, alumnos,...)</p> <p>4.6.-Reclamar recursos para a formación do profesorado, das familias e demais axentes educativos en resolución de conflitos, negociación...</p> <p>4.7- Crear instrumentos ou estruturas no nivel institucional do centro para facilitala interacción e a convivencia.</p>

<p>5.-Adquirir habilidades sociais e comunicativas que favorezan a convivencia</p>	<p>5.1- Levar a cabo actitudes de axuda e colaboración en especial para os nenos que chegan novos o centro.</p> <p>5.2- Coñecer os demais para poñerse no seu lugar e así crear cauces de comunicación e colaboración.</p> <p>5.3- Adquirir habilidades comunicativas xestuais para comunicarse con compañeiros que teñen problemas para relacionarse.</p> <p>5.4Adquirir prerrequisitos básicos para realizar actividades de grupo.</p> <p>5.5. Realizar tarefas de forma cooperativa en pequeno grupo ou gran grupo sabendo valorar eo esforzo do compañeiro, as diferenzas interpersonais, respetando as opinións alleas.</p> <p>5.6- Mellorar a comunicación xestual – oral e escrita valorando a amabilidade e cortesía, a afectividade e o sentido do humor</p> <p>5.7.-Reclamar recursos para a formación do profesorado, das familias e demais axentes educativos en habilidades de comunicación e habilidades sociais.</p>
<p>6. Desperta o interese inicial por pertencer a un colectivo.</p>	<p>6.1 Pensar no centro como algo propio.</p> <p>6.2 Asumir responsabilidades no coidado e mantemento dos espazos comúns do centro.</p> <p>6.3 Comprometerse no reciclado de materiais</p> <p>6.4 Asumila responsabilidade de non malgastala agua, o papel hixiénico, os folios, as tizas e ser capaces de apreciar estes materiais como comúns o centro.</p>

Os obxectivos que se propoñen teñen como finalidade promover e desenvolver actuacións que fomenten a convivencia procurando unha axeitada relación entre quen nos formamos parte do colexio, tendo en conta que os conflitos deberán tener unha resolución pacífica e educativa e que haberá que avanzar cos alumnos na consolidación de habilidades de comunicación, relación social e autonomía. A consecución de estes obxectivos non será posible sen a implicación de todos os axentes da comunidade educativa.

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

5.1. ACTUACIÓNS PARA PREVIR O CONFLITO

5.1.1. ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN.

Estas afectan so o profesorado do centro. Levaranse a cabo mediante reunións, claustros...por parte dos membros do equipo de convivencia.

ACCIONS PREVISTAS

Obxectivo 1: acadala integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo ou idade.

PROFESORES/TITORES:	ALUMNADO:	PAIS/NAIS:
<ul style="list-style-type: none">❖ O profesorado traballará habitualmente nos alumnos os seguintes hábitos: Chamar as persoas polo seu nome, dar as grazas, pedirlle perdón, disculparse, felicitar e eloxiar, pedir por favor, saudar e despedirse.❖ O profesorado traballará na clase situacións nas que o/a alumno/a teña que asumir o punto de vista do outro por medio de actividades de cambio de rol.❖ Os titores levarán a cabo un plan de acollida para potencia a integración na clase e no centro dos novos alumnos.	<ul style="list-style-type: none">❖ Os alumnos axudarán os seus compañeiros novos a coñecer o centro: ensinando o centro, colaborando nos cambios de clase para que non se perdan, xogando no recreo con él ou ela, axudándolle a fomentar a falar o castellán sin rírse deles e aprendendo algunhas das palabras correctas do seu idioma.❖ Os alumnos acollerán os seus novos compañeiros na aula colaborando nos cambios de clase para que non se perdan, prestándolles o material en caso necesario, contando con eles para as	<ul style="list-style-type: none">❖ Os pais fomentarán na casa unha actitude positiva cara o feito da emigración no noso pobo, colexio, rúa....❖ Todos os pais deberán implicarse en deixar os seus fillos nas actividades complementarias planificadas polo centro, para isto o centro potenciará a nivel de equipo de ciclo actividades gratuítas e/ou moi económicas nas

<ul style="list-style-type: none"> ❖ Os titores traballarán co grupo clase o respecto e valoración dos traballos realizados por todos os compañeiros por medio de actividades de cooperación, asambleas, realización de murais.... ❖ Realización de tarefas que inclúan o coñecemento e respecto por outras culturas distintas. 	<p>actividades que organice o grupo, para que non se sienta illado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ Os alumnos terán actitudes positivas cos seus compañeiros de necesidades educativas especiais colaborando con eles nas actividades de clase pero non súper protexéndoos. 	<p>que se prime a convivencia e se potencie o traballado na clase.</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ Os pais en xeral deberán fomentar a autonomía dos seus fillos e evitar a sobreprotección para eles dende infantil ata o 3º Ciclo de Educación Primaria os titores explicarán esta necesidade nas reunións xerais.
---	--	--

Obxectivo 2 : Fomentala implición das familias

PROFESORES/TITORES:	ALUMNADO:
<ul style="list-style-type: none">❖ Os titores informarán na primeira reunión xeral o seu horario de atención a pais e a necesidade de que os pais veñan para solicitar información sobre a educación e progreso dos seus fillos.❖ Os titores insistirán en todas as reunións xerais da necesidade de vir aseado para facilitala convivencia dende a etapa de educación Infantil ata 6º de Educación Primaria.❖ Os profesores solicitarán os pais a información necesaria sobre os seus fillos para axudarlles no seu proceso educativo.❖ Desenvolver accións encamiñadas a mellora da convivencia no centro, solicitarán aos pais a información necesaria sobre os seus fillos para axudarlles no seu proceso educativo.❖ Os profesores solicitarán a visita dos pais para intercambiar información ou para comunicarlle algún feito puntual.❖ Os profesores de cada curso na primeira reunión xeral presentaranse e comunicarán os pais o seu horario de atención a pais.❖ Os mestres facilitarán as relacións entre os diferentes membros que compoñen a comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none">❖ Os alumnos comprometeranse a vir aseados.❖ Crear situacións nas que o alumno/a teña que asumir o punto de vista do outro.❖ Elaboración democrática das normas da clase.❖ Fomento do respecto e do coñecemento de outras culturas distintas a propia.❖ Realización de actividades que conleven o desenvolvemento da empatía.❖ Fomentar nos alumnos/as actitudes e hábitos que axuden a ter o centro limpio .❖ Desenvolver accións encamiñadas a mellora da convivencia no centro, facilitando as relacións entre os diferentes membros que compoñen a comunidade educativa.❖ Os pais poderán acudir o centro para ser atendidos polos profesores cantas veces crean necesario no horario de atención a pais.❖ Os pais solicitarán as distintas Institucións (Concello, Sanidade, Consumo, Policía) a través da ANPA a realización de seminarios, cursos, charlas....relacionadas con temas que lles preocupen en relación cos seus fillos.

	<ul style="list-style-type: none">❖ Empregar actividades que axuden aos alumnos a expresar opinións e pedir consello, expresalo que agrada ou desagrada.❖ Realización de actividades encamiñadas a que o alumno descubra as ventaxas do traballo en grupo.❖ Implantación de forma sistemática de actividades tales como reunións informativas en cuanto o desenvolvemento e avaliación do plan, charlas, debates, etc..., coas que se traballe a colaboración coas familias.❖ Realización e posta en marcha dun programa de habilidades sociais.❖ Establecemento dun sistema de responsabilidades na aula cun sistema de premios e castigos.❖ Desenvolver accións encamiñadas a mellora da convivencia no centro, facilitando as relacións entre os diferentes membros que compoñen a comunidade educativa.
--	--

Obxectivo 3: Mellorar as relación entre todos os membros da comunidade educativa.

PROFESORES TITORES	ALUMNADO:	PAIS/NAIS:	INSTITUCIÓN:
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Os profesores comunicarán as familias nas reunións xerais as distintas formas de participar no centro; de xeito formal: Ampa, Consello escolar; de xeito informal: talleres, apoio en actividades escolares, apoio nas actividades extraescolares. ❖ Os titores a principio de curso explicarán os seus alumnos do seu grupo clase os membros da comunidade educativa e o traballo que desempeña cada un deles (conserxe,auxiliares de conversa, coidadores, limpiadoras, Presidente da 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Os alumnos poderán pedir axuda a calquer membro do centro, coidadores, conserxes, mestres... ❖ Os alumnos participarán de forma activa na medida das súas posibilidades nas actividades propostas pola comunidade educativa. ❖ Uso da axenda escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Os pais participarán na medida das súas posibilidades das actividades propostas pola ANPA. ❖ Os pais participarán en cursos, charlas.. segundo as súas necesidades e posibilidades. ❖ A familia recibirá sempre información detallada das actividades lúdicas e culturais organizadas tanto polo centro como de calquera outra institución local. ❖ As familias autorizarán a participación dos seus fillos nas actividades programadas pola comunidade educativa. ❖ A familia pode acudir o 	<p>Toda a comunidade Educativa poderá aportar suxerencias para actividades culturais e recreativas propostas polo centro, Ampa, asociacións, concello.</p> <p>O centro programará as actividades de magosto, samaín, nadal, entroido e final de curso de forma cooperativa e participativa con toda a comunidade educativa.</p>

<p>Ampa, Concello, Orientadora, asociacións....</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ Os titores insistirán na necesidade de coñecer a todas as persoas que traballan no noso centro. ❖ Uso e fomento da axenda escolar. 		<p>centro sempre que o precise e contar co apoio do centro.</p>	
---	--	---	--

Obxectivo 4: Previr conflitos

PROFESORES TITORES	ALUMNADO:	PAIS/NAIS:	INSTITUCIONS:
<p>Uso de estratexias: Diálogo. Dramatizacións. Coloquios, debates.</p> <ul style="list-style-type: none">❖ Os profesores traballarán diariamente en clase pautas correctas de comunicación oral e xestual para facilitar as relacións entre todos os alumnos en clase e no centro.❖ Os profesores comunicarán aos titores calquera incidencia para que o titor esté informado constantemente do que acontece no seu grupo clase.❖ Os titores traballarán a principios de clase os dereitos e deberes que teñen os alumnos na clase.❖ O profesor titor actuará como mediador entre profesores, pais e alumnos a hora de resolver os conflitos.	<p>Os alumnos en conxunto guiados polos profesores elaborarán as regras de convivencia da súa clase.</p> <p>Os alumnos a partir de terceiro e/ou cuarto de educación primaria elixirán delegado e subdelegado por clase.</p>	<p>As familias deben coñecer as normas de convivencia do centro.</p> <p>As familias deben inculcar hábitos de respecto cara as normas establecidas no centro.</p> <p>As familias poden solicitar información e axuda os titores e o centro ante calquera conducta disruptiva que observen nos seus fillos.</p>	<ul style="list-style-type: none">❖ O concello, os servizos sociais, servizos sanitarios demandaráselles recursos, axudas puntuais, asesoramento...❖ Ao CEFORE se lle solicitará formación e información por parte do centro sobre a prevención de condutas disruptivas en caso necesario.❖ No centro revisarase periódicamente o RRI adaptándoo as características do centro.❖ No centro existe una Comisión de Convivencia que se reúne trimestralmente para valorar o plan de convivencia o cal se adecuará anualmente.

<p>❖ O profesor titor comunicará aos pais calquera conduta disruptiva que sucedera cos alumnos da súa titoría aínda que non acontecera na súa clase e estará presente no momento no que os pais acudan o centro.</p>			
--	--	--	--

Obxectivo 5: Adquirir habilidades sociais e comunicativas que favorezcan a convivencia

PROFESORES TITORES	ALUMNADO:	PAIS/NAIS:	INSTITUCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Os profesores incluírán máis contidos dos temas transversais nas Unidades Didácticas. ❖ Os profesores traballaran habilidades comunicativas xestuais cos alumnos para que poidan comunicarse con aqueles compañeiros da súa clase e do centro con problemas de comunicación. ❖ Os profesores traballaran diariamente na clase as seguintes habilidades sociais: chamar antes de entrar, saudar o entrar, despedirse o sair, pedir por favor, dalas grazas..... ❖ Os profesores traballarán prerrequisitos básicos para realizar actividades de 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Os alumnos traballarán na clase en gran grupo, en pequeno grupo e individualmente segundo o tipo de actividade. ❖ Os alumnos reflexionarán sobre a necesidade de traballar moitos contidos de forma cooperativa e valorando as aportacións de todos os seus compañeiros 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ As familias deben inculcar os seus fillos en colaboración cos seus profesores habilidades sociais e comunicativas. ❖ As familias colaborarán cos titores para favorecer o desenvolvemento emocional e social dos seus fillos. ❖ As familias solicitarán a información dos profesores, do centro, do EOE si o creen necesario para axudar os seus fillos no desenvolvemento emocional. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ O concello, os servizos sociais solicitaránselle a posta en práctica de proxectos para a formación de habilidades sociais, comunicativas, colaborativas para pais, alumnos, profesores.... <p>Solicitaranse cursos de formación o CEFORE en caso necesario para que a formación do profesorado en habilidades sociais e comunicativas.</p>

<p>grupo: levantala mano, esperar pola súa quenda, respetar a persoa que fala....</p> <p>❖ Os profesores realizarán actividades nas que os alumnos teñan que traballar de forma cooperativa: realización de murais, realización de bailes para salir todo o grupo bailando no entroido, representar unha obra de teatro todo o grupo....</p> <p>Os titores traballarán de forma personalizada e individual e os alumnos do seu grupo clase habilidades sociais que lles permitan mellorar a súa autoestima e confianza en si mesmos (Confiar nos demais, escoitar o que nos dicen, pedir axuda cando sexa necesario....</p>			
--	--	--	--

Obxectivo 6: Despertalo interese inicial por pertencer a un colectivo

PROFESORES TUTORES	ALUMNADO:	PAIS/NAIS:	INSTITUCIÓN:
<ul style="list-style-type: none"> Os profesores insistirán diariamente no coidado do centro actuando como modelos dos alumnos. Os profesores inculcarán hábitos no reciclado de materiais, para iso explicarán aos alumnos que veñen que poden traer materiais como pilas, tapóns de botes.... Os profesores traballarán os contidos transversais da educación ambiental en tódalas Unidades didácticas. Os profesores propoñerán motivos decorativos aos alumnos para decorar corredores no nada, entroido , o día do libro, o día da paz..... Os tutores propoñerán aos seus alumnos a decoración da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos coidarán os materiais dos seus compañeiros e os do centro como algo propio. Os alumnos colaborarán na decoración das suas clases e do centro en xeral como un espazo común e a vez propio. Os alumnos pedirán papel hixiénico ,tizas, folios os seus profesores sempre que o necesiten para empregalos de forma proveitosa e non malgastar os materiais . De forma conxunta guiados polos profesores elaborarán as regras de convivencia da sua clase 	<ul style="list-style-type: none"> As familias deben inculcar os seus fillos o aforro de agua, enerxía de forma funcional e cooperando co centro. Coñecer as normas de convivencia do centro. As familias deben inculcar hábitos de respecto cara as normas establecidas no centro. As familias poderan solicitar información e axuda os tutores e o centro ante calquera conducta disruptiva que observen nos seus fillos. 	<ul style="list-style-type: none"> Solicitarase a posta en práctica de proxectos por parte das institucións locais para a concienciación do aforro de auga, de materiais, de enerxía para pais ,profesores, alumnos. O concello, os servizos sociais,, servizos sanitarios s demandaranselle recursos, axudas puntuais, asesoramento... A comunidade educativa actuará como exemplo para que os alumnos aprendan a apreciar o centro como un grupo social o que pertencen e deben coidar e respetar a vez que se benefician de pertencer a un centro.

5.1.2. ACTIVIDADES DE ACOLLIDA

As actividades de acollida iran dirixidas as familias novas, os propios alumnos do noso centro, así como as súas familias e o profesorado novo. Levarase a cabo o comezo do curso unha reunión xeral informativa na que se explicarán as normas de convivencia e os principios pedagoxicos do centro, os dereitos e deberes dos alumnos, as actividades extraescolares, o servizo de comedor...en xeral as dinamicas e xestión do centro. Ao rematar esta, cada titor informará na súa aula ós pais e nais das súas propias normas de aula.

Actividades a desenvolver para a acollida dun alumno novo:

- O día da súa incorporación, o novo alumno, será presentado polo titor/a ó grupo de clase, e tamén o resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interés que considere oportunos. Pode ser interesante que estos datos se acompañen de algún mapa.
- O profesor titor/a o grupo-clase solicitará a colaboración de un ou dous compañeiros que tutoricen o seu novo compañeiro: lle axuden, lle orienten e acompañen, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aún si descoñece o noso idioma.
- Estes alumnos-titores colaborarán co profesor titor para explicarlle e poñer en práctica as normas de convivencia do centro e as de funcionamento da clase.
- Colocarase o seu lado na clase, no comedor, acompañarano o recreo, e procurarán que se sinta aceptado polo resto dos nenos. Poden invitalos a que lles enseñe xogos do seu país.
- Proporcionaránlles detalles do seu horario e cada unha das actividades que realizará ao longo da xornada lectiva.
- Procurará que o alumno comparta as responsabilidades do seu grupo de referencia: hábitos, normas,.
- Convén destacar as habilidades persoais do novo alumno, co fin de melloralas a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros, mediante o traballo en pequenos grupos e recurrido a actividades dentro do plan de acción tutorial que favorezan a súa inclusión.

- Realización de traballos de investigación sobre o seu país de orixen (ubicación, características geográficas, costumes, tradicións, gastronomía, formas de vida, personaxes famosos, etc.). O titor de clase será o seu referente e acudirá a él para calquera duda ou dificultade.

5.1.3. ACTIVIDADES ORGANIZATIVAS.

- Entradas e saídas.

En canto ás entradas e as saídas o noso alumnado formará filas a entrada. O profesorado o que lle toque ese día garda de patio será o encargado de velar por que estén ben colocados, non berren,...Tentarase que as familias non entorpezan o bo funcionamento das filas .

É importante a puntualidade do profesorado, así como do alumnado. Se algún alumno chega tarde ten que esperar a que entren todas ás filas. As familias daranlle o seu fillo/a ó bedel e este encargarse de subilo á aula correspondente.

- Organización dos cambios de clase.

É importante a puntualidade do profesorado nos cambios de clase. Permíteselle ao alumnado ir ao servizo no cambio co permiso do mestre que teña a seguinte.

O profesorado que teña clase noutra aula irá a buscar/levar ao alumnado.

- Organización dos Recreos.
 - En E. Infantil haberá un profesor por cada grupo clase.
 - En Primaria haberá 1 profesor por cada nivel.

Colaboran as coidadoras, nos casos de alumnos con NEE graves.

- Organización da aula.

Depende do criterio do mestre...algún en grupo, individual, parellas...deberá ter en conta os principios de non discriminación, e fomentar a interrelación dos alumnos cumprindo as normas establecidas.

- Organización do comedor: Segundo o establecido no PROTOCOLO DE COMEDOR .

- Organización das actividades extraescolares.
A súa organización leva a cabo o ANPA. Segundo o establecido no calendario.

5.1.4. ACTUACIÓNS PARA PREVER A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Levaranse a cabo actividades no centro para a sensibilización da igualdade de homes e mulleres. Neste sentido colaborarase coa familia proporcionándolles pautas e criterios para que na casa sexan coherentes e eliminen a posible transmisións de estereotipos.

Evitar a diferenza de trato por parte dos mestre/as en canto a valoración por sexos, disciplina, expresión de modales (“AS NENAS SON MÁIS FINAS”)

Evitar o emprego de láminas, pósters, fotos, contos, que ofrezan nas súas secuencias actitudes discriminatorias por razón de sexo.

Fomentar o emprego indiscriminado por parte de nenos e nenas dos recursos da aula: xogos, xoguetes...

Revisar os materiais didácticos a empregar...

Fomentar xogos cooperativos e compartidos, eliminando as agrupacións en función do xénero e promovendo a utilización común dos espazos disponibles dentro e fora da aula.

Organizar a participación dos nenos e as nenas nas tarefas de clase, compartindo por igual as responsabilidades de limpeza, mantemento, coidado e organización do material.

Evitar atribuir os oficios de forma estereotipada, dende as tarefas domésticas ata o desempeño dos cargos de responsabilidade.

5.1.5. ACTUACIÓNS PARA PREVER A DISCRIMINACIÓN.

Estas actividades irán encamiñadas a sensibilización de toda a comunidade educativa da non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

É moi importante adicar tempo e recursos para traballar estes aspectos, xa que os nosos cativos traendende os seus fogares unha educación guiada por valores inculcados polo que ven na súa casa e se estes valores son discriminatorios eé na escola onde debe buscarse cómo correxilo. Dende o nosos centro faráse actividades para todo o alumnado, a nivel xeral, no día da muller traballadora, actividades do día da paz... Así mesmo dende titorías faranse lecturas sobre a non discriminación, recollida de novas, realización de debuxos, murais...xogos de roles , nos que os nosos nenos poidan porse en lugar da persona discriminada e así favorecer a que se vexa que están sendo tratados inxustamente.

5.1.6. ACTUACIÓNS CURRICULARES.

- O profesorado especialista e os titores tratarán de coordinar as programacións docentes e desenvolvemento do currículo.
- Estableceranse diferentesestrategias metodolóxicas adaptadas a diversidade do alumnado e ao alumnado con NEE.
- Avaliación do progreso do alumnado con obxectivo de establecer proxectos de mellora.
- Avaliación da práctica docente co obxectivo de establecer proxectos de mellora.

5.1.7. ACTUACIÓNS PARA PREVIR O ACOSO.

As medidas levaranse acabo en tres niveis:

A nivel de centro: Mellora das medidas de supervisión e vixilancia en momentos clave: cambios de clase, tempo de recreo, entradas e saídas, comedor... Estes últimos están divididos por zonas para así ter un maior control.

- Incidir no profesorado para que se comprometa na mellora da convivencia.

A nivel aula:

- Acordar normas de aula
- Prestar especial atención a conductas positivas e reforzalas
- Establecer as consecuencias que correspondan polo incumplimento de normas

- Realizar “ Asambleas de clase “ para o seguimento de normas.
- Crear un clima positivo
- Realizar reunións coa familia.

A nivel individual.

- Falar coa vítima: Importancia de comunicar a súa situación e garantir a súa protección e seguimento do problema.
- Falar seriamente co alumnado agresor.
- Falar cos pais
- Axudar a vítima a integrarse no grupo.
- Traballar coas familias do alumnado agresor e vítima.

5.2. ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

❖ PARA O ALUMNADO

Programas formativos:

“Plan Director para a Convivencia escolar” (Dirixido para alumnos de 5º e 6º)

Asambleas de Convivencia “Decibelios abaixo”

❖ PARA O PROFESORADO

Cursos de Formación

❖ PARA AS FAMILIAS

Plan Director para a convivencia escolar

Informacións a nivel titorial

5.3. PROGRAMAS RELACIONADOS COA MELLORA DA CONVIVENCIA E RECURSOS EDUCATIVOS.

Programas para a mellora da convivencia

O alumnado do noso centro está a participar en diferentes programas e actividades formativas no tema de convivencia escolar como son:

- Plan Director para a mellora da Convivencia Escolar: charlas informativas sobre os perigos de internet, o acoso...
- Asambleas de Convivencia
- Voluntariado Solidario Programa de coidado do noso patio
- Días da froita
- “Decibelios Abaixo”

Recursos educativos

Elaboración de un un programa de habilidades sociais “*Asambleas de convivencia*”.

Unha guía para a convivencia empregando as TIC onde a través da presentación e actividades interactivas trabállanse as diferentes habilidades sociais: O sorriso, O saúdo...

5.4. MEDIDAS COMPLEMENTARIAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Traballo co programa de habilidades sociais “*Asambleas de Convivencia*”. Unha guía para a convivencia con todo o alumnado e en especial co alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, e coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.

- Exemplo de proposta a desenvolver co gallo do Día da Paz:



ASAMBLEAS DE CONVIVENCIA

DÍA DA PAZ 2017

**GUÍA PARA
O PROFESOR**



INTRODUCCIÓN

“A educación é un traballo que conleva unha sucesión de contactos interpersoais :a maioría deses contactos deixan pegadas, pracenteiras ou molestas. Sen embargo, resulta paradóxico que, sendo o mundo educativo un dos ambientes laborais cun maior número de conflitos interpersoais, as habilidades sociais e emocionais non sexan obxecto de atención preferente, pois mentres os coñecementos teóricos da súa materia forman parte da bagaxe habitual de calquera profesor, as habilidades sociais soen quedar nas mans do azar ou da intuición persoal.”

Juan Vaello Ors

XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE

Esta actividade continúa as iniciadas o curso pasado con motivo da celebración do DÍA ESCOLAR DA PAZ E A NON VIOLENCIA, e pretende continuar co proxecto para traballar a convivencia ó longo de todo o curso.

A actividade que aquí se presenta é unha ferramenta audiovisual para nenos e nenas de 3 a 12 anos, que os prepara para unha convivencia en paz. Pretendemos que o alumnado poida identificar as situacións que suceden na súa vida cotiá empregando unha linguaxe moi cercana. A través de imaxes que suceden no noso cole, os alumnos e alumnas aprenden a realizar correctamente certas prácticas sociais, co que se está traballando na súa socialización.

O entrenamento en habilidades socio-emocionais na escola aparece como unha necesidade por varios motivos:

- Instrumental: é un medio para mellorar o rendemento académico do alumnado e facilitar o traballo do profesorado, permitíndolle dar a clase nunhas mellores condicións.

- **Formativo:** porque pensamos que a educación debe entender ao individuo de forma integral, non só afectando a aspectos cognoscitivos, senón tamén a aspectos sociais e emocionais.
- **Afectivo:** proporciona satisfacción e benestar ao crear relacións entre as persoas baseadas na empatía, respecto...
- **Social:** mellora o clima da aula e reduce castigos e sancións, permitindo adicar ese tempo a unha aprendizaxe baseada nun modelo positivo.

Calquera ocasión que se da na aula pode ser aproveitada para traballar habilidades sociais. Pretendese iniciar un proxecto que consiga sistematizar os contidos que se queren transmitir. As posibilidades de traballar estas actividades nas aulas son infinitas.

Serve para:

- traballar o conflito desde un punto de vista positivo e dinamizador da convivencia.
- tamén ten utilidade de xeito terapéutico, facilitando o traballo cun alumno ou grupo reducido de alumnos/as que sexan deficitarios nunha determinada habilidade social.
- a reeducación daqueles alumnos e alumnas que están carentes de habilidades de relación (o que lles impide integrarse no grupo).
- alumnado disruptivo que emprega xeitos de comunicación lonxanas a compartir e colaborar, dominantes, agresivos, ou que por timidez están carentes das ferramentas necesarias para achegarse aos seus compañeiros ou para defender os seus intereses ante o grupo.

Pretendemos con este traballo axudar a mellorar as habilidades socioemocionais do noso alumnado e, sobre todo, contribuír a mellorar o clima de convivencia no noso centro.

As habilidades sociais están tan metidas na vida escolar coma o aire que respiramos, pero cremos que a súa aprendizaxe non debe deixarse ao azar e que debe ser programado tanto coma o poida ser unha clase de matemáticas ou de lingua.

Do que aquí se trata é de axudar nesa programación, facilitando un material moi atractivo e moi cercano ao que hoxe está utilizando o noso alumnado: os medios audiovisuais.

E tras realizar as aprendizaxes, pretendemos que as habilidades sociais se convertan nun hábito e se xeralicen ao seu entorno.

OBXECTIVOS A ACADAR

Petendemos fortalecer a cultura escolar en valores humanos que permitan a aprendizaxe para a convivencia armónica, democrática, xusta e a construción dunha comunidade educativa feliz.

Os obxectivos que se pretenden acadar coa utilización do programa son:

- a) Coñecemento e manexo das habilidades sociais traballadas.
- b) Establecemento dunha aprendizaxe cooperativa na que nos beneficiamos todos e todas, nenos e adultos, dentro e fóra do colexio.
- c) Fortalecer a acción tutorial como eixo principal da orientación no centro. d) Aprender, de xeito lúdico, competencias básicas en interacción social.
 - Ser consciente dos valores do contorno e comportarse en coherencia con eles ao afrontar unha decisión ou conflito.
 - Coñecerse,, valorarse, saber comunicarse en diferentes contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser empático...
 - Valorar as diferenzas e recoñecer a igualdade de dereitos entre as persoas.
 - Integrar coñecementos e habilidades complexas que permitan participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións tomadas.
- e) Mellorar as relacións dentro da aula, buscando a cohesión do grupo-aula. f) Mellorar a convivencia no centro.

HABILIDADES A TRABALLAR

Trabállase en primeiro lugar as Habilidades Sociais.

Seleccionáronse estas habilidades por considerar que os alumnos e alumnas de educación infantil e primaria deben ter unha competencia social de xeito que ao rematar 6º o neno e nena sexan competentes para relacionarse, comunicarse e vivir positivamente cos demais.

Cada día da semana, ata o día da PAZ, celebraremos na aula unha pequena assemblea para traballar un dos seguinte aspectos:

DÍA	LEMA DA ASAMBLEA	ASPECTOS A TRABALLAR
Asamblea 1	O SORRISO	Ser felices, estar contentos; sorrímos coa boca, cos ollos, co corazón...; practicar o sorriso.
Asamblea 2	SAÚDO E ME DESPIDO	Bo día, ata mañá
Asamblea 3	PALABRAS MÁXICAS	grazas, por favor, perdón, síntoo...
Asamblea 4	COIDAMOS O COLE	aula, corredores, patio, comedor...
Asamblea 5	DECIBELIOS ABAIXO	disminuír o ruído no cole, nas entradas e saídas, corredores, falar baixiño....
Asamblea 6	TRATÁMONOS BEN	respetámonos, coidámonos, querémonos, axudámonos, escoitámonos, temos empatía... somos compañeiros, somos tolerantes....
Asamblea 7	XOGAMOS TRANQUILOS SEN EXCLUIR	dialogamos, non pelexamos...

METODOLOXÍA

A. PROXECCIÓN:

A actividade baséase na proxección dunha presentación na pizarra dixital, na que se van secuenciando os aspectos a traballar cada día da semana.

Empréganse fotografías con situacións da súa vida escolar, o que facilita asimesmo que se identifiquen coas escenas que están a ver.

B. DEBATE:

A continuación ábrese un debate para que os nenos e nenas expresen as súas opinións:

1. **CONVERSAMOS:** ábrese un debate na aula sobre o tema do día.
2. **CONVENCEMOS:** cada un defende razoadamente ás súas ideas.
3. **TOMAMOS ACORDOS:** consensuamos as conclusións.
4. **TOMAMOS NOTA:** rexistramos como queiramos os acordos tomados (carteis, debuxos, lemas...)

C. PRÁCTICA:

Comprometémonos a practicar os compromisos!!!

D. LEMBRAMOS:

**Todos os venres, despois do recreo, nos "avaliamos"
e revisamos se cumprimos os compromisos.**

6. ACTUACIÓNS PARA PREVIRO ACOSO ESCOLAR

6.1. ESTRATEGIAS PREVENTIVAS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosonais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da Comisión da convivencia do centro.
- Favorecer a participación e comunicación dos problemas.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do departamento de orientación ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que possibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.

- Protocolos de información ante unha situación de acoso.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade.
- Vixilancia en zonas comúns: corredores, recreos, entradas e saídas...
- Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Inserir progresivamente programas de mellora da convivencia.
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a **prevención e resolución de conflitos**:
 - Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
 - Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia.
 - Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante **situacións de ciberacoso**:
 - Formación do profesorado e de familias: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
 - Formación ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

6.2. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN NA AULA

- Inclusión no plan de acción tutorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a:
 - relacións no grupo,
 - fomento da amizade,
 - tarefas colaborativas,
 - sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...),
 - análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconñecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
 - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
 - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
 - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.
- Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado
- Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
- Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.

Resumindo: Para permitir unha verdadeira prevención, é prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos:

- *Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, empregando regularmente elementos de medición que permitan prever posibles situacións deste.*
- Crear unha conciencia colectiva das *normas mínimas de convivencia* que todo membro desa comunidade ten que cumprir.

6.3.PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar seguido polo Centro cinguirase ao Protocolo Xeral de acoso e ciberacoso escolar proposto pola Consellería de Cultua, Educación e Ordenación Universitaria, segundo a ley4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, con data de outubro de 2015.

Este protocolo queda recollido no ANEXO 1.

7. RESOLUCIÓN DO CONFLITO

As relaciónsdo neno/a cos seus compañeiros/as son de vital importancia no proceso de desenvolvemento. A través destas interaccións aprendea relacionarse cos demais, a gardar o turno e a demorar o momento de satisfacer os seus desexos, aprende a afrontar a envexa, os ciumes e a rivalidade. Hai que ter en conta que en toda relación social aparecen conflitos e os máis habituais ao longo da Educación Infantil e Primaria son:

- as pelexas,
- os insultos,
- quitar as cousas,
- non compartir,

- intentar dominar aos outros,
- a envexa, etc.

Debemos ter presente que o neno/a nesta etapa ten unha visión egocéntrica do mundo, centrada en sí mesmo e nas súas necesidades e preferências, que lle temos que ir axudando a superar.

Os conflitos son algo natural e non podemos evitar que existan; o importante é ver cómo os podemos afrontar. Trátase de que os nenos e nenas aprendana resolvelos dende pequenos de xeito non violento.

Os nosos alumnos/as deben aprender que ao vivir en sociedade temos conflitos, pero que podemos aprender deles se empregamos as estratexias correctas. Aprender a resolver os seus propios conflitos proporciónalles aos nenos/as unha maior autonomía e a aprendizaxe de estratexias de negociación e resolución de conflitos. En definitiva, os conflitos ofrecen un potencial educativo que é preciso aproveitar.

¿Que podemos facer como mestres/pais? A nosa tarefa é guialos e orientalos **neste proceso de aprendizaxe á hora de afrontar os conflitos.**

¿Como podemos facelo? Non se trata de que nós lles proporcionemos as mellores solucións aos seus conflitos cos iguais, senón de axudalos, guialos para que eles vaian atopando estas solucións. Isto non se acada coa imposición de normas ou co castigo, nin evitando a situación, senón promovendo a reflexión do neno/a. Debemos potenciar o diálogo e o intercambio de ideas para que cheguen a solucións negociadas cos outros nenos.

A maioría dos nenos e nenas dende o 2º ciclo de Educación Infantil xa poden **aprender a negociar** para resolver os conflitos que aparecen entre eles. Por negociar entendemos a relación que establecen dúas ou máis persoas arredor dun determinado asunto no que teñen posicións diferentes para **chegar a un acordo** que sexa **beneficioso para todos** os implicados.

Para ensinalles a negociar aos máis pequenos temos que traballar, tanto na familia coma na escola, dúas destrezas:

- 1.- A capacidade de escoita e de prestar a atención debida aos outros.

- 2.- A capacidade de recoñecer e comprender determinados sentimentos tanto en sí mesmos coma nos demais. Debemos traballar cos nenos e nenas o recoñecemento das emocións e incentivalos a que trasmitan como se sinten eles.

Ademáis hai que potenciar a habilidade (capacidade innata) de xerar alternativas ante un problema/situación e de predecir posibles consecuencias de cada alternativa. O adulto acompañará ao neno neste proceso de busca de respostas alternativas ante un conflito, pero o protagonismo débeo ter sempre o neno/a.

Aprender a solucionar os conflitos que teñen cos iguais ten moitos beneficios para os nosos fillos e fillas:

- Aprender a vivir en sociedade.
- Desenvolver actitudes de non violencia.
- Aprender formas constructivas de relación cos demais.
- Desenvolver a creatividade e a tolerancia.
- Aprender a tomar decisións e a controlar os propios sentimentos.

Aprendizaxe na resolución do conflito

Para afrontar a convivencia resulta imprescindible pensar no conflito como unha cousa inevitable e necesario. Así podemos ter unha visión positiva do mesmo e podemos traballar con él e aproveitalo como unha oportunidade educativa. Polo tanto a primeira intervención ante o conflito é preventiva:

1. Traballar o conflito: Consideramos fundamental o tratamento do conflito na labor da titoría para o cal se dota ao titor de material e tempo para dedicalo a traballar o conflito a través do programa de Habilidades Sociais. (Plan de acción titorial)

- Prevención do maltrato
- Normas de aula

- Resolver conflitos

2. Afrontamento do conflito

- Facer persoas non so transmitir coñecementos: formación integral.
- Clima da escola: consensuar valores: asertividade fronte a permisividade e autoritarismo.
- Coidado das relacións interpersoais .
- Coidado das relacións co resto da comunidade.

Ante calquera conflito leve será o profesorado titor e o especialista o que resolva mediante o diálogo e a negociación cos implicados

1. Ante o incumprimento dunha norma axudaráselle a reflexionar sobre o seu comportamento para que sexa consciente das consecuencias do seu comportamento.

2. Segundo a gravidade da falta haberá unha amoestación verbal ou sanción, tendo en conta as NOF e as normas de convivencia. Tratarase de restablecer a situación, pedindo perdón ou ben fixando entre os implicados o xeito de restablecer as relacións

3. Informaráselle a familia dos conflitos, ben no momento no que xurdan, ben nas titorías. Buscarase que a familia adopte criterios comúns de actuación cara a reforzar as medidas adoptadas.

Cando o conflito é de relevancia seguirase o establecido nas **NOF** relativo á **corrección de condutas**.

8. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O obxectivo fundamental das nosas normas de convivencia é desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos.

En particular, as normas de convivencia concretan os dereitos e deberes dos distintos sectores da nosa comunidade educativa e establecen as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento.

As normas de convivencia ***están especificadas das Normas de Organización e Funcionamento do noso centro (NOF)*** e garanten o cumprimento deste plan de convivencia.

Dende o noso centro facilitaremos o coñecemento destas normas de convivencia a toda a comunidade educativa:

- As familias serán informadas da súa existencia nas reunións anuais de tutoría.
- O profesorado titor informará ao alumnado explicando as posibles dúbidas que poidan xurdir.
- Estarán a disposición de todo o alumnado en cada unha das tutorías.

8.1. FINS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

As normas sobre convivencia do noso centro establecidas neste regulamento oriéntanse aos seguintes fins:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- d) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

- e) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- f) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- g) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- h) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

8.2 .AS NOSAS NORMAS DE CONVIVENCIA

Tendo en conta os anteriores fins, a comunidade educativa do C.E.I.P. A PONTE, a través dos cauces democráticos de participación, elabora e aproba as seguintes **NORMAS DE CONVIVENCIA** :

Artigo 1

Todos os alumnos deberán asistir diariamente a clase con puntualidade, ben aseados, co material preciso e co traballo realizado.

Artigo 2

O alumnado deberá seguir as orientacións do profesorado, en todo momento, en todo lugar e tamén en calquera situación, sempre mostrándolle o debido respecto e consideración. O alumnado tamén deberá mostrar a mesma consideración ao resto do persoal do centro

Artigo 3

Todos temos dereito a que se nos escoite as nosas opinións con respecto e consideración, pero non a imponer aos demais as nosas.

Artigo 4

Ningún membro da comunidade educativa pode ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia.

Artigo 5

Todos os alumnos deberán coidar e utilizar correctamente todos os mobles e instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.

Artigo 6

Os compañeiros relacionarásen entre eles dun modo cordial, evitando os insultos, bromas de mal gusto, illamento e por suposto agresións ou calquera tipo de acoso.

Artigo 7

No colexio moderarase o ton de voz, evitando correr e dar voces nas aulas e polos corredores e escaleiras, entrando e saíndo sempre con orde.

Artigo 8

Preferiblemente se sae ao servizo nos cambios de clase co permiso do profesor/a que corresponde a sesión seguinte e de un en un. Considérase o recreo o tempo adecuado para acudir ao servizo.

Artigo 9

Fóra do horario lectivo, o alumnado non pode permanecer nos corredores nin nas clases sen a debida autorización e sempre cunha persoa responsable. Nos recreos os alumnos non poden permanecer nas aulas sen un profesor o seu cargo.

Artigo 10

O profesorado deberá atender as demandas e problemas que poidan xurdir nos patios de recreo, para o que se establecerán unhas quendas de coidado dos mesmos. Procuraremos que eses problemas queden solucionados no patio para que trascendan o mínimo ás posteriores clases.

Artigo 11

Todos os alumnos teñen o dereito a elixir e ser elixidos delegados. Para que a participación sexa maior, periodicamente renovaranse os cargos.

Artigo 12

Todos os alumnos teñen o deber de participar na vida e funcionamento do centro.

Artigo 13

Procurarase que as clases sexan lúdicas e agradables. Respectaranse os horarios acordados e as actividades responderán os obxectivos plantexados no P.E.C. e nas programacións.

Artigo 14

Os alumnos deben respectar estas normas de convivencia tanto no periodo lectivo coma nas actividades extraescolares ou no servizo de comedor, poidendo ser amonestados coa privación de ditos servizos ou actividades se non cumplisen ditas normas.

Artigo 15

Toda a comunidade educativa debe de respectar o *Proxecto Educativo* do centro cumprindo os seus dereitos e as súas normas de convivencia.

8.3. CORRECCIÓN DE CONDUCTAS

Tal como establece o art 12 da *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, será obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia as realizadas dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación do servizo de comedor.

8.4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN NOS CONFLITOS VÍA DA RESOLUCIÓN PACÍFICA DOS CONFLITOS

Ante unha situación de conduta disruptiva pódese aplicar:

- Reprimenda ou falar co/a alumno/a intentado que comprenda as consecuencias do que fixo e que se comprometa a cambiar a conduta.
- Consecuencias establecidas nas normas de convivencia.
- Rincón de pensar: breve espacio de tempo adicado a reflexión
- Sistema de puntos.
- A MEDIACIÓN: Pódese levar a cabo por calquera persoa do centro: profesor, orientador,...O mais interesante para o centro é que o alumnado aprenda a resolver de xeito autónomo os seus conflitos e que se comuniquen para lograr chegar a acordos nos que as partes en conflito satisfagan as súas necesidades.

O titor ou profesor/a que este presente na aula, no recreo ou en calquera actividade escolar co alumno/a ou grupo de alumnos que plantexen unha conduta disruptiva, intentará no primeiro momento de mediar para que sexa a alumno/s implicados quen resolvan autónomamente o conflito.

Se o conflito non se pode solucionar así, remitirase ao Departamento de Orientación, buscando mediar no conflito. Presentarán o caso e todos os datos que se teñan relatando os feitos. Sempre para a resolución do conflito buscarase a reflexión das partes, a empatía dos implicados e a búaqueda positiva de resolución do conflito.

Tamén poden ser os alumnos ou calquera persoa da comunidade quen busque a mediación do Departamento de orientación.

8.5.VÍA PUNITIVA

Cando nos conflitos hai dano material ou físico, ou a gravidade impide a vía pacífica de resolución, acudírase ás NOF do centro e se valorará o tipo de conduta tipificándola como:

- *Conductas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro*
- *Conductas leves contrarias ás normas de convivencia*

8.5.1.GRADUACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 do decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

CONDUTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS

Considéranse condutas gravemente perxudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar conforme o establecido polo artigo 28 da *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equis informático e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificables que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o

punto terceiro do artigo 11 da *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*. cando se é requirido para iso polo profesorado.

- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro conlevan a tramitación dun **procedimento disciplinario**

CONDUTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAS Á CONVIVENCIA	
MEDIDA CORRECTORA	PROCEDIMIENTO DISCIPLINARIO <i>Art 25 Lei 4/2011, 30 xuño, de convivencia</i>
<i>1. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</i>	<p>1. O director/a inicia o procedemento por:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Propia iniciativa. • A petición de calquer membro da comunidade educativa. <p>2. Noméase un profesor/a que será o instructor/a.</p> <p>3. O inicio do procedemento comunícase ao pai/nai ou titor/a e a inspección educativa especificando:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Indicación da conducta. • Correccións que poden corresponder. • Nome do profesor instructor/a.
<i>2. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro ou no servizo de comedor por un período mínimo de dúas semanas e un mes</i>	
<i>3. Cambio de grupo.</i>	

<p>4. <i>Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre 4 días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i></p>	<p>4. O director/a, por iniciativa ou a instancia do instructor, pode adoptar medidas provisionais, que serán comunicadas ao pai/nai ou titor/a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cambio temporal do grupo. • Suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades por un período non superior a 5 días.
<p>5. <i>Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre 4 días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i></p>	<p>5. Trámite de audiencia: O instructor/a formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta.</p> <p>6. O director/a ditará resolución motivada e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como, (se procede) a obriga de reparar os danos.</p> <p>7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna/o e á inspección nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.</p>
<p>6. <i>Cambio de centro.</i></p>	

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

1. As condutas tipificadas como agresión, insultos, despezos, calumnias ,inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificadas e as actuacións prexudiciais que non alcancen a gravidade requirida para ser conduta gravemente perxudicial para as normas de convivencia do centro

2. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

3. A inasistencia inxustificada a clase:

- Considérase falta leve cando ten tres faltas sen xustificar

4. As faltas reiteradas de puntualidade

- Considérase falta leve con tres faltas de puntualidade

5. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases:

Considérase falta leve con tres faltas sen o material necesario.

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	
MEDIDA CORRECTORA	IMPOSICIÓN DA MEDIDA
<p>a) Amoestación privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo</p>	a) O profesorado da alumna ou alumno , oído este e dando conta á xefatura de estudos.
<p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p>	b) A titora ou titor da alumna ou alumno , oído este e dando conta á xefatura de estudos.
<p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias e no servizo do comedor do centro por un período de ata dúas semanas.</p>	c) A xefatura de estudos ou a do dirección do centro , oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor.
<p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p>	
<p>g) Suspensión do dereito de asistencia a</p>	

<p>determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	<p>d) A dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, Comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.</p>
<p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	

9. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia constituirase no seo do seu consello escolar e na súa composición integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Terán representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, *na mesma proporción que se encontran representados no consello escolar.*

Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

9.1.COMPOSICIÓN :

- ❖ Director/a do centro: Presidente/a
- ❖ 5 profesores/as
- ❖ Xefa de Estudos
- ❖ Orientadora
- ❖ Profesor/a encargado/a do grupo dinamizador da convivencia
- ❖ 1 pai representante da ANPA.
- ❖ 4 pais.

9.2.PERIODICIDADE DAS REUNIÓNIS:

Realizaranse *tres reunións anuais* de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada polo presidente, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

9.3.FUNCIÓNS

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación deste plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

As súas función serán as seguintes :

a. Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

- b. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d. Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- f. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- g. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

10. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

10.1.INTRODUCCIÓN

A LEI 4/2011, do 30 de xuño, de *convivencia e participación da comunidade educativa*. (dog 15 de xullo de 2011), establece no artigo 19 (Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras) parágrafo 3: "Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible."

O DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2001, do 30 de xuño, no artigo 8.4.d), establece que correspóndelle á xefatura de estudos organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspenda o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

A creación da Aula de Convivencia xurde, pois, como unha necesidade de dar resposta á atención educativa que require a diversidade do alumnado do centro. Plantéxase como unha medida para intentar mellorar o comportamento e actitudes de aqueles alumnos e alumnas que incorren reiteradamente en condutas disruptivas e creandificultades na convivencia. Preténdese con esta actuación mellorar o clima de convivencia do grupo-clase e do centro no seu conxunto.

10.2. FINALIDADE E OBXECTIVOS DA AULA DE CONVIVENCIA

A aula de convivencia pretende ser un lugar de reflexión para o alumnado que, con problemas reiterados de conduta, imposibilita ao profesorado dar a súa clase. Así mesmo será un lugar de permanencia para o alumnado sancionado con privación de asistencia á clase.

A finalidade é mellorar o clima de traballo e convivencia na aula. Por un lado que os alumnos e alumnas comprendan o alcance para sí mesmos/as e para os demais das súas condutas. Por outro, que aprendan a facerse cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.

Así mesmo preténdese aumentar as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol, á vez que se lles proporciona un espazo para a análise das súas propias experiencias e a búsqueda dunha resolución efectiva dos conflitos interpersonais.

Obxectivos:

- 1. Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conducta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre cómo afecta todo elo ao desenvolvemento das clases.**
- 2. Axudarlle ao profesorado a poder realizar a súa tarefa nun clima de aula adecuado.**
- 3. Axudar a que o alumnado adquira as habilidades necesarias para convivir cos demais:**
 - Autocontrol**
 - Solución pacífica dos conflitos, evitando a escalada do conflito.**

4. Posibilitar que aprenda a responsabilizarse das súas propias accións.

Establecer un espazo que lle permita ao alumnado distanciarse do foco do conflito, ou das circunstancias que o orixinan. Conseguir o tempo necesario para poder axudarlle a reflexionar e buscar posibles solucións.

5. Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, deba ser privado de asistencia durante determinadas horas, materias ou días.

6. Conseguir tratamentos educativos personalizados e un seguimento integral do alumnado cos seus problemas de conduta.

7.- Favorecer a autoestima do alumnado.

8. Contribuir a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.

9. Axudarlle a adquirir unha boa disposición hacia as tarefas escolares.

10. Compensar as deficiencias que impiden a algúns alumnos ou alumnas a súa integración escolar.

11. Medir a conflitividade no Centro.

12. Educar para a vida, potenciando as relacións interpersonais de cada alumno ou alumna, é dicir, para a súa integración satisfactoria na comunidade.

13. Xestionar de xeito coordinado e centralizada os conflitos do centro, ofrecendo respostas adaptadas ao grupo-clase, ao historial previo, as condicións sociofamiliares e as solucións antes intentadas.

Tendo en conta isto, entendemos a aula de convivencia como:

- UNHA MEDIDA DE REFLEXIÓN.

É un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase, enchendo de contido pedagóxico as “expulsións” ou os “tempo fora” da aula.

- ❖ Neste espazo, o profesorado trata de darlle axuda ao alumno/a para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio, ofrecendo unha resposta tanto aos conflitos puntuais na aula como ao alumnado con problemas persistentes de conduta. Permite ademais que, cando o alumno estea fora da aula, o profesor pode intervir co resto da aula.

- ❖ Aconséllase tamén para aqueles alumnos que teñen poucas habilidades sociais para resolver os conflitos e úsanse como lugar no que se fan esas aprendizaxes para despois xeneralizalas na aula e na súa vida escolar.
- ❖ Tamén para toda unha aula que teña un conflito: acoso, rexeitamento dun grupo de alumnos por razón de sexo, algún tipo de discriminación, cando hai pouca cohesión do grupo e se establece un traballo para esa aula coas súas carencias.

- UNHA AULA DE TRABALLO.

Aula de convivencia como aula de traballo trata de dar solución ao alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas en calquera dos espazos do centro, fora obxecto de privación do seu dereito de asistencia, sendo atendido nesta aula en vez de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.

A xefatura de estudos ou a dirección comunicará a medida correctiva e os seus resultados:

- Ao alumno /a e á súa familia indicando os motivos, o número de días e o número de horas, así como as actividades formativas e de reflexión que realizará. Podería solicitarse tamén a colaboración da familia co fin de alcanzar os obxectivos fixados. .
- Ao Departamento de orientación para que facilite as actividades de reflexión”
- A comisión de convivencia a demanda indicando os motivos, os obxectivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas e de reflexión que realizará o alumno ou alumna.
- A xefatura, solicitará ao equipo educativo as actividades formativas para o período de expulsión,

A xefatura de estudos establecerá co profesorado de garda as quendas para atender ao alumnado

- ANALIZADORA DA CONVIVENCIA E EXECUTORA DAS MEDIDAS PROPOSTAS POLA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

- ❖ Procura datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo clase ou sobre o centro escolar en xeral. Estes datos son utilizados para a súa discusión, na procura de solucións e correccións preventivas e reactivas adaptadas a cada caso en particular, a cada grupo clase, a cada profesor/a, etc. (aprender a convivir, habilidades sociais, resolución de conflitos,
- ❖ Cada aula do centro pódese converter en unha aula de convivencia, dende este punto de vista. Establécese cando a comisión de convivencia indica a necesidade de traballar puntualmente no centro unha carencia a nivel de convivencia detectada ou para traballar no plano da prevención.

10.3. CRITERIOS E CONDICIÓNS PARA QUE UN ALUMNO OU ALUMNO SEXTA ATENDIDO NA AULA DE CONVIVENCIA

O alumnado que impida o desenvolvemento normal do grupo-clase, logo de poñer en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados, pode ser enviado á Aula de Convivencia. Que un alumno asista a esta aula non limita outro tipo de intervencións: traballo coa familia, buscar axuda externa, sistema de puntos, contratos..

As familias deben ser informadas e implicarse nos acordos ós que se chegaran.

a) A aula de convivencia está destinada ao alumnado que, sin cometer faltas graves ás normas de convivencia, co seu mal comportamento reiterado crea importantes conflitos no desenvolvemento normal da clase.

CONDUTAS QUE PODEN SER CAUSA DA DERIVACIÓN A AULA DE CONVIVENCIA

- Molesta e non deixa traballar. Interrompe constantemente
- Non obedece reiteradamente ás indicacións do profesorado.
- Falta de respecto ao profesor/a
- Falta de respecto a un compañeiro/a.
- Non gardar o silencio necesario para o desenvolvemento das tarefas escolares.
- Berrar.
- Non traballa. Non deixa traballar.

- Non permanece sentado/levantarse sen permiso
- Impuntualidade
- Facerse o gracioso
- Sae da clase sen permiso.
- Non trae material. Quitarlle o material a un compañeiro.
- Quítalle a merenda a un compañeiro.
- Rompe o material.

Para que un alumno ou alumna sexa enviado á Aula de Convivencia deberánse cumprir ademais as seguintes condicións:

1. Ter recibido algunha corrección pola súa conducta por parte do profesorado implicado.
2. Ser reincidente na súa actitude
3. Ser a derivación á aula de convivencia, a xuízo do profesor ou profesora, o único recurso que queda para reconducir a situación e volver a un clima correcto para o desenvolvemento da clase.

b) Alumnado que é sancionado pola director/a, como corrección dunha falta grave, con perda do dereito de asistencia a clase ou a unha actividade complementaria

10.4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

10.4.1. Acceso a esta aula:

- A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorde un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

- O profesor debe de xustificar e ter rexistradas as razóns polas que o alumno vai en cada caso a esta aula e tamén se acude enviado por outro profesor diferente ao titor:
- Xustificación da necesidade: conduta inapropiada do alumno/a que se trata de corrixir
- As actuacións levadas a cabo e que non deron resultado: Rexistro das actuacións e historial previo de solucións intentadas e os resultados das intervencións.
- Profesorado que solicita a demanda.
- Especificar detalladamente o motivo polo que se fai a demanda.
- Debe estar informada a familia da solicitude desta medida e o titor/a se quen fai a demanda é un profesor diferente.
- A xefatura de estudos ou a dirección comunicará a medida correctiva e os seus resultados:
 - Ao alumno /a e á súa familia indicando os motivos, o número de días e o número de horas, así como as actividades formativas e de reflexión que realizará. Podería solicitarse tamén a colaboración da familia co fin de alcanzar os obxectivos fixados. .
 - Ao Departamento de orientación para que facilite as actividades de reflexión”
 - A comisión de convivencia a demanda indicando os motivos, os obxectivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas e de reflexión que realizará o alumno ou alumna.
- A xefatura de estudos solicitará ao equipo educativo as actividades curriculares para realizar na aula de convivencia.
- A xefatura de estudos establecerá co profesorado de garda as quendas para atender ao alumnado.

10.4.2. Atención na aula de convivencia

- O profesor/a que acolle ao alumno/a será quen leve adiante a sesións. Deberá coñecer o rexistro das intervencións anteriores e todos os datos que precise para realizar o seu traballo co obxecto de evitar actuacións dispareas.

- Establecerase o nº de sesións que o alumno/a vai permanecer na aula.
- profesorado debe facer unha entrevista ao alumnado que accede e rexístrala (modelo concreto de entrevista) co fin de acadar un compromiso concreto de mellora.
- Preguntar se sabe por que está na aula.
- Preguntarlle se quere modificar a conduta .
- Se sabe quen é a persoa que atende a aula... Trátase de crear un clima de confianza e de colaboración .
- alumno/a cubrirá a “ficha de reflexión” cada vez que accede a aula
- Rematado este proceso, o alumno/a volverá á súa aula ordinaria.

10.4.3. Seguimento do alumno/a

Farase un seguimento do alumnado que participa na aula unha vez remate a permanencia por parte da persoa que fixo a demanda. Estará informada a familia do/a alumno/a dos resultados da intervención.

10.4.4. Seguimento da aula de convivencia

A xefatura de estudos, a dirección e a xefatura do departamento de orientación coa participación, se os casos a tratar o aconsellan, dos servizos sociais ou sanitarios, levarán a cabo as reunións que se precisen.

10.5. PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA AULA DE CONVIVENCIA

As actividades a realizar nesta aula, encamiñadas a reflexión por parte do alumnado atendido na aula poden ser programadas polo Departamento de Orientación así como tamén debe de facilitar material que favoreza actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

11. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

11.1.COORDINACIÓN INTERNA NO CENTRO

1. Coordinación nas programaciónsdidácticas levadas a cabo polo profesorado: A principio de curso, prográmanse reunións entre o profesorado para a elaboración das programacións didácticas.
2. Reunión de coordinación entre niveis ou etapa: a principio de curso realízase unha reunión do profesorado que impartiu clase e o profesorado que vai impartir o próximo curso.
3. Reunións do profesorado de nivel/clase: periodicamente reúnense o profesorado que imparte docencia a unha mesma clase para unificar e coordinar criterios sobre normas e comportamento da aula.
4. Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP):A CCP reúnense mensualmente para coordinar os aspectos pedagóxicos do centro.
5. Reunións do equipo de actividades extraescolares: periódicamente reúnese este equipo para coordinar todo tipo de actividades a desenvolver no centro.
6. Reunións do Equipo directivo co persoal non docente: Periodicamente realízanse reunión do equipo directivo para concretar aspectos de mellora do centro.
7. Reunións e claustros do profesorado: realízanse periodicamente para coordinar distintos aspectos do centro.
8. Departamento de orientación: reunírase 2 veces ao mes, e cantas veces sexa preciso.

11.2. COAS FAMILIAS

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que *“Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...”* e que estas recibirán *“... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”*. En consecuencia, para dar contido a esa colaboración, establécense as seguintes accións:

1. Establecemento dunha hora semanal de visitas titoriais(martes de 5 a 6 h).
2. Mantemento dunha reunión titorial xeral no primeiro trimestre, antes do 31 de outubro., seguida de una reunión por aulas familias/titor.
3. Determinación dos contidos mínimos a tratar nesa reunión, sendo estes os seguintes:
 - Información básica sobre o modelo educativo que preside o PEC.
 - Información sobre a CC, a súa autoría e utilidade.
 - Información sobre os programas do centro.
 - Información sobre o calendario escolar.
 - Información por parte da Xefatura de Estudos sobre as normas de convivencia do centro: Información dos principais aspectos das NOF e da PXA, en concreto: estrutura organizativa, horarios, horas de tutoría e/ou atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, control da asistencia e xustificación das faltas, normas de convivencia, etc.
 - Intervención da orientadora do centro: información sobre os programas do departamento de orientación e outros para atender a diversidade.
4. Na reunión seguinte nas aulas:

Aclaración de obxectivos, da liña metodolóxica usada na aula e sobre aspectos como: materiais necesarios, contidos a traballar, actividades de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación, actividades de reforzo e de ampliación, apoios e RE, criterios de promoción, nivel de colaboración familiar, a información ás familias, etc.

11.3. COA ANPA

Trimestralmente e sempre que sexa necesario reúnese o equipo directivo coa ANPA do centro para coordinar actividades a desenvolver no centro.

11.4. CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS

Tanto O director/a, en representación do centro, como a orientadora reúnese coas direccións dos outros CEIPs e cos outros orientadores para unificar e coordinar diferentes aspectos: problemática do centros, calendario de admisión de alumnado, días non lectivos...e todas as medidas de atención a diversidade que tratan de mellorar a convivencia

11.5. CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN DO CONCELLO

Para concretar aspectos fundamentais de funcionamento do centro, actividades extraescolares subvencionadas, actividades culturais promocionadas polo concello...

11.6. OUTROS ORGANISMOS (servizos sociais, sanitarios, asistenciais...)

O centro ten disponibilidad para recadar e/ou trasladar aquela información relevante para o proceso educativo. Este “trasvase” de información deberá realizarse formalmente (por escrito), previa solicitude escrita e fundamentada.

OUTROS ORGANISMOS (ASPANAEPS, POLICÍA...)

O centro realizará, en colaboración con estes organismos, diferentes programas encamiñados a mellorar a convivencia: Plan Director de Convivencia Escolar (Policía Nacional)...

12. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Control e análise das condutas leves e gravemente prexudiciais para a convivencia

- Todos os cursos escolares realizarase, por parte do equipo directivo e a Comisión de Convivencia, un control e seguimento das condutas leves e gravemente prexudiciais para as normas de convivencia do centro, así como do funcionamento da aula de Convivencia.
- Estes datos serán estudados e analizadas as súas causas e posibles prevencións na comisión de convivencia.
- Enquisa anual a todos os membros da comunidade educativa para coñecer o grado de satisfacción da comunidade en relación á convivencia do centro. Propostas de mellora.
- Buzón de suxestións na entrada do centro.
- Análise trimestral por parte da Comisión de Convivencia do cumprimento e seguimento do presente plan de Convivencia.
- Elaboración por parte da Comisión de Convivencia da memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos extraídos dos puntos anteriores. Propostas de mellora.
- A memoria formará parte da memoria anual do centro e será informado o Consello Escolar.

13. ELABORACIÓN, APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Plan de Convivencia foi aprobado en Consello Escolar no curso 2016-2017, una vez reformado para adaptalo á nova lexislación (*DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27/01/15)*)

Unha vez reformado pola comisión de convivencia e informado o Consello escolar, será incorporado ao Proxecto educativo (PEC). As normas de convivencia, que complementan este plan están integradas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF).

Dende o noso centro facilitarase a difusión deste plan de convivencia a toda a comunidade educativa:

- As familias serán informadas da súa existencia nas reunións anuais de tutoría.
- O profesorado titor informará ao alumnado explicando as posibles dúbidas que poidan xurdir (Normas de convivencia).

**CEIP A PONTE
OURENSE**